



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2024/C005/000002

## RESOLUCIÓN

### EXPEDIENTE 2024/C005/000002. ADQUISICIÓN DUNHA DESBROZADORA LATERAL PROFESIONAL

Trámite: acordo de inicio de expediente de contratación

## ANTECEDENTES

28.01.2024. Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

13.02.2024. Resolución de alcaldía de Boqueixón, núm. 62/2024 pola que se aproba a solicitase de subvención do fondo compensación ambiental, no que se aprobaba as seguintes actuacións e orzamento:

a) O gasto de investimento pola adquisición de equipamento 1 Desbrozadora profesional desprazable e lateral para tractor por un importe total de 40.000 € (IVE incluído).

b) O importe total do proxecto ascende a 40.000 €, a solicitude da axuda económica ascende a 32.000 € (80% do orzamento total), o que supón unha aportación municipal de 8.000 € (20% do orzamento total).

15.02.2024. Presentouse solicitude de subvención na sede electrónica da Xunta de Galicia.

13.06.2024. Resolución da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ó abeiro do disposto na Orde do 28 de decembro de 2023, dentro da liña de subvencións contemplada no artigo 3.1.b), subvencións de natureza competitiva, co código de procedemento PR483C, subvención en concorrencia competitiva a entidades locais, a directora xeral de Administración Local, por delegación do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, concedéuselle ó concello de Boqueixón unha subvención por importe de 30.000 euros para o proxecto da liña denominado "Proxecto de Conservación Medioambiental 2024", dentro da liña en concorrencia competitiva (artigo 3.1b), segundo o detalle que se indica a continuación:

ORZAMENTO TOTAL:	40.000€
Orzamento gastos de funcionamento:	0 €
Orzamento investimentos	40.000€
IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN:	30.000 €
Importe subvención para gastos de funcionamento	0 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2024/C005/000002

Importe total da subvención	30.000 €
PORCENTAXE DE FINANCIAMENTO:	
% financiamento gastos de funcionamento	0,00%
% financiamento investimento	75%

09.07.2024. Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo coordinador de servizos e obras do Concello de Boqueixón (CVD: bf8tjyZfQjEcLZr4NtPZ)

09/07/2024. Acordo de incoación (CVD: 3j4J0F8TMU81q1QxHom0).

10/07/2024. Fiscalización da Fase A da Secretaría-Intervención (CVD: mAUGer4ytTSCfVFaI5m7)

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

**PRIMEIRA.** Este contrato ten a consideración de contrato administrativo de servizos consonte ao disposto no artigo 14 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP, en adiante).

**SEGUNDA.** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares ao que se incorporan as prescricións técnicas esixidas pola lexislación especial reguladora da actividade obxecto do contrato.

**TERCEIRA.** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).

**CUARTA.** A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, atribúe ao alcalde as competencias como órgano de contratación en aqueles contratos nos que o valor estimado non superen o 10% dos recursos ordinarios do concello do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2024/C005/000002

O órgano competente para aprobar o expediente é a Alcaldía xa que o importe do orzamento do contrato (importe sen prórrogas e máis IVE, como partida independente) non excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (disposición adicional 2ª, 1 e 14 da LCSP, en relación co artigo 131 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas – RXLCAP, en adiante –, en relación co artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais).

Esta competencia da Alcaldía está delegada na Xunta de Goberno Local (Resolución da Alcaldía 392/2023 do 27 de xuño publicada no BOP n.º 138 do 20 de xullo de 2023).

Dada a urxencia da contratación e a efectos de continuar o expediente de contratación, considérase necesario proceder a avocación da competencia como órgano de contratación delegada na Xunta de Goberno Local a favor da Alcaldía.

## RESOLUCIÓN

**PRIMERO.** Avocar con efectos do día da sinatura deste decreto a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución da Alcaldía 392/2023 do 27 de xuño publicada no BOP n.º 138 do 20 de xullo de 2023, como órgano de contratación para a tramitación do expediente de contratación EXPEDIENTE 2024/C005/000002. ADQUISICIÓN DUNHA DESBROZADORA LATERAL PROFESIONAL.

**SEGUNDO.** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria: EXPEDIENTE 2024/C005/000002. ADQUISICIÓN DUNHA DESBROZADORA LATERAL PROFESIONAL, cun orzamento base de licitación de 40.000,00 € (21 % de IVE incluído)

**TERCEIRO.** Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e os seus anexos que rexerán na licitación con así como o prego de prescricións técnicas.

**CUARTO.** Aprobar o gasto polo importe de CUARENTA MIL EUROS (40.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 170.619.00 do vixente orzamento municipal (2024)

**QUINTO.** Dispoñer a apertura do procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 da Lei 9/2027 do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, procedéndose a anunciar a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación, para que os interesados podan achegar as proposicións que consideren pertinentes durante o prazo de 10 días dende a dita publicación.

**SEXTO.** Publicar o presente acordo no perfil do contratante de acordo co disposto no artigo 117 da Lei



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

exp. 2024/C005/000002

9/2017 do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

**SÉTIMO.** Darlle conta ao Pleno deste acordo na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Ovidio Rodeiro Tato, Alcalde – Presidente

Dalmiro Núñez Méndez, Secretario – Interventor

FIRMADO POR Ovidio Rodeiro Tato (FECHA: 10/07/2024 11:22:00) , Dalmiro Núñez Méndez (FECHA: 10/07/2024 13:06:00)

Decreto Nº: 354/2024 - Fecha de decreto: 10/07/2024

Versión imprimible

CVD: N2+yULR0wsIDCVFeFIk9  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.